

DARÍO XOHÁN CABANA

Darío Xohán Cabana nace en Cospeito en 1952. Estudou bacharelato en Lugo. O seu mestre e guía foi Manuel María, que a miúdo o recibía na súa casa de Monforte de Lemos. En 1970 empeza a traballar en Vigo en Edicións Castrelos con Xosé María Álvarez Blázquez, escritor e erudito, con quen pasou cinco anos. Despois regresou a Lugo, onde se adicou a vender libros en galego ata que foi liberado pola central sindical nacionalista. En 1983 trasladouse a Corcubión, despois de gañar unhas oposicións a garda municipal. En 1987 entrou, tamén por oposición, como funcionario no Condello de Lugo, onde actualmente traballa na Concellalía de Cultura e Turismo. Desde hai moitos anos publica un encrucillado en La Voz de Galicia, a diario.

En 1970 publicou o seu primeiro libro de poemas e en 2003 toda a súa poesía nun só volume por Edicións Xerais de Galicia, baixo o título Vinte Cadernos. A finais dos anos oitenta empezou a publicar tamén narrativa, tanto novela como libros de relatos, para público en xeral e para público infantil e xuvenil. Galván en Saor é un dos libros máis vendidos en toda a historia da literatura galega.